

INFORME DE FISCALIZACIÓN DE DATA DE 20 DE XULLO DE 2015		Exercicio	2015
Número	6-MFGM REPARO/2015	DATOS	
Unidade Xestora	Intervención	Órgano competente	PLENO
Tipo de Expediente	Económico	Fase	RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS
Clase de Expediente	-----	Importe	23.706,15 €
Tramitación	Ordinaria	Código proxecto	-----
ASUNTO	Aprobación relación de facturas 35/2015		

En cumprimento do establecido no artigo 54 do RD Lex 781/1986, de 18 de xullo polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL), nos artigos 92.3 b) da Lei 7/1985, de 2 de xullo Reguladora de Bases de Réxime Local (LRBRL), no artigo 172 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e no artigo 4 do RD 1174/1987, de 18 de setembro, de Réxime Xurídico de Funcionarios de Administración Local con Habilitación Nacional, e en cumprimento do disposto no artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, e de acordo co RD 2188/1995 de 28 de decembro, polo que se desenrola o réxime de control interno exercido pola Intervención Xeral da Administración do Estado, emito o seguinte informe:

ANTECEDENTES DE FEITO:

Preséntanse para informe as seguintes facturas Relación nº 35/2015:

CONCEPTO	PROVEDOR	BASE	IVE	TOTAL
S/FRA. NÚM: A/67 FECHA: 05/05/2015 LETRAS PARA ROTULACIÓN DO CENTRO CÍVICO	E27456508 - COMUNICACION VISUAL MONFORTE C B	2.475,00	519,75	2.994,75
S/FRA. NÚM: A1 75 FECHA: 03/06/2015 REPARAR PISTA EN SAN PEDRO (O COLADO)	B27187673 - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES AYAN SL	1.200,00	252,00	1.452,00
S/FRA. NÚM: 2015/01 000680 FECHA: 08/06/2015 ZAHORRA PARA PISTA EN RIBASALTAS	B27182385 - ENRIQUE LOPEZ E HIJOS SL	3.828,86	804,06	4.632,92
S/FRA. NÚM: 2015-6 FECHA: 10/06/2015 APERTURA DE CUNETAS, RASANTEO E APISONADO CON APORTACIÓN DE MATERIAL NO CAMIÑO DE VILARDEMOUROS A CANDEDA	B36527497 - CAMINOS Y CONSTRUCCIONES DEL DEZA, S.L	3.103,00	651,63	3.754,63
S/FRA. NÚM: A1 79 FECHA: 12/06/2015 FACER PASOS DE AUGA NA PISTA DE PROVEIROS A FORNELAS	B27187673 - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES AYAN SL	1.000,00	210,00	1.210,00
S/FRA. NÚM: 215.054/01 FECHA: 01/07/2015 COMPORTAS COLOCADAS NO CAMPO DA FESTA DE PIÑEIRA	B27174689 - CARPINTERIA METALICA JAVIER SL	7.985,00	1.676,85	9.661,85
				23.706,15

LEXISLACIÓN APLICABLE:

A normativa aplicable ao proceso de fiscalización é a seguinte:

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 7/1985, de 2 de xullo, reguladora das bases de réxime local.
- RD 500/1990.
- Bases de Execución do Orzamento Municipal do 2015
- Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986 polo que se aproba o Texto Refundido de réxime local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aproba el texto refundido de la Lei de Contratos do Sector Público.
- RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos.

